

**ATA O 21 DE XUÑO ÁS 14.00H**  
**SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN**  
**PARA A REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2018**

Don/ dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
con domicilio en \_\_\_\_\_ e  
número de teléfono \_\_\_\_\_, sendo o/a responsable dunha fogueira que se vai  
facer o día de San Xoán,

**SOLICITA**

Autorización para realizar unha fogueira na noite do 23 de xuño, con motivo da festividade de San Xoán, en \_\_\_\_\_ (*será preciso describir o lugar exacto da fogueira, parroquia, aldea, rúa,.*) e asume o compromiso de respectar as seguintes normas:

**NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO**

- 1) O/a solicitante que asina a presente solicitude será o responsable do cumprimento das presentes normas.
- 2) O volume do combustible da fogueira non superará en ningún caso os 8 metros de perímetros nin os 3 metros de altura.
- 3) A separación entre as fogueiras e os edificios e as árbores será como mínimo de 12 metros.
- 4) Non se situarán as fogueiras debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de almacéns de produtos inflamables.
- 5) Prohíbese a queima de plásticos, aceites, pneumáticos, espumas de poliuretano, ou calquera sustancia que poida desprender fume tóxico ao ser tirada no lume.
- 6) Prohíbese botar ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- 7) Cando a fogueira se realice sobre terreos de uso público enlousados, os responsables da fogueira encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de alomenos, 10 centímetros.
- 8) Deberase contar con medios propios dispoñibles como auga, extintores, area, co fin de garantir a prevención de incendios.

Cando remate a fogueira, os seus responsables terán a obriga de vixiar que as cinzas queden totalmente apagadas, e deberán retirar todos os restos do lume antes de 48 horas.

A autorización outorgada, que será comunicada ao Distrito 3 de Ordes, dependente da Dirección Xeral de Montes, nun prazo máximo de 5 días naturais, non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorra negligencia ou imprudencia do solicitante.

Melide, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

Asdo.

**SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DE MELIDE.-**